

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE CULLEREDO DO DÍA 31 DE AGOSTO DE 2022.**

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

D. José Ramón Rioboo Castro

**Concelleiros/as:**

D. Juan Carlos Iglesias Lovelle

D.<sup>a</sup> Marta M<sup>a</sup> Figueroa Fuentes

D. Carlos Liñares Gestal

D. Abraham Seijas González

D.<sup>a</sup> Jéssica Méndez Sánchez

**Non asiste:**

D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril

D.<sup>a</sup> Marta M<sup>a</sup> Iglesias Becerra

**Interventora municipal:**

D.<sup>a</sup> Sonia Corral Corral

**Secretario accidental:**

D. Francisco Javier Varela Tejedor

Na sala de sesións da Casa do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día trinta e un de agosto de dous mil vinte e dous, xúntanse en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, as persoas membro designadas pola Alcaldía-Presidencia para integrar a Xunta de Goberno Local, relacionadas na marxe, baixo a presidencia do Sr. alcalde D. José Ramón Rioboo Castro.

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia, abre a sesión, pasándose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

**1.- RATIFICACIÓN CAMBIO DE DÍA NA CELEBRACIÓN DA SESIÓN ORDINARIA.**

O secretario accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA ALCALDÍA

Na sesión plenaria extraordinaria de data 2 de xullo de 2019 acordouse a periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local que se realizarán os luns ás 13.30 horas e, no suposto de que o día prefixado coincida con festivo, celebrarase sesión, co mesmo carácter de ordinaria, o día hábil inmediatamente anterior á mesma hora.

Por mor da organización das vacacións estivais dos distintos departamentos e áreas, a Alcaldía vese na obriga de modificar os días e horas dos órganos colexiados,

Por todo o exposto anteriormente, PROPONSE:

A ratificación do cambio de día da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 29 de agosto de 2022 que pasará a realizarse o día 31 de agosto de 2022 debido ao exposto anteriormente.”

Sen intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando ADOPTADO por UNANIMIDADE, das persoas presentes, o ACORDO seguinte:

A ratificación do cambio de día da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 29 de agosto de 2022 que pasará a realizarse o día 31 de agosto de 2022 debido ao exposto anteriormente.

## **2.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO 17/08/2022 E 24/08/2022.**

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións ordinarias celebradas en data 17 de agosto e 24 de agosto de 2022, das que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por cinco votos a favor (dos/as Sres./as concelleiros/as, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Liñares Gestal, Seijas González e Méndez Sánchez) e coa abstención do Sr. alcalde, Rioboo Castro, o cal manifesta que se abstén por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas das sesións ordinarias realizadas en data 17 de agosto e 24 de agosto de 2022.

## **3.- DACIÓNS DE CONTA.**

### **3.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.**

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións.

#### **Publicacións:**

- Anuncio do 2 de agosto de 2022 do Concello de Culleredo, relativo á relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo mediante concurso ordinario, para a provisión de postos de traballo de técnico/a de Administración especial, subescala técnica. DOG núm. 161 do 25-08-2022.
- Resolución do 11 de agosto de 2022, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes -Dirección Xeral de Emerxencias e Interior-, pola que se modifica a Resolución do 6 de xuño de 2022 pola que se acorda outorgar o distintivo de permanencia ao persoal dos distintos corpos de Policía local dos concellos de Galicia. DOG núm. 164 do 30-08-2022.
- Resolución do 23 de agosto de 2022, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan cursos presenciais descentralizados no ámbito da formación continua para o persoal das agrupacións de voluntarios/as de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 165 do 31-08-2022.
- Resolución do 23 de agosto de 2022, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan seis edicións dun curso da titulación náutica para a licenza de navegación para persoal das agrupacións de voluntarios/as de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 165 do 31-08-2022.
- Resolución do 23 de agosto de 2022, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan cursos descentralizados para realizar edicións do curso básico de protección civil. DOG núm. 165 do 31-08-2022.
- Anuncio do 19 de agosto de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á adhesión do Concello de Culleredo ao Plan xeral de prevención de riscos e medidas anti-fraude da Deputación da Coruña (Plan PREMADECOR). BOP núm. 161 do 25-08-2022.
- Anuncio do 18 de agosto de 2022, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación -Xefatura Territorial da Coruña -Servizo de Enerxía e Minas-, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, de construción e declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución eléctrica no Concello de Culleredo (Expediente IN407A 2021/218-1). BOP núm. 162 do 26-08-2022.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I02UI</b>	<b>USG/2022/150</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5A6E 396Q 4V3H 5U3O 0JCK	

- Anuncio do 18 de agosto de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á delegación na concelleira, D.<sup>a</sup> María Penélope López Díaz, do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre B.P.P. e A.R.G. o día 19-08-2022 ás 19.30 horas. BOP núm. 163 do 29-08-2022.
- Anuncio do 18 de agosto de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á delegación na concelleira, D.<sup>a</sup> Marta María Iglesias Becerra, do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre A.N.N. e F.R.R. o día 20-08-2022 ás 12.00 horas. BOP núm. 163 do 29-08-2022.

### **3.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.**

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

### **4.- ASUNTOS URXENTES**

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

### **5.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formulan.

C.I.F. P-1503100-H

Sen máis asuntos que tratar o Sr. alcalde-presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas do expresado día “ut supra”.

Autorízase a presente acta coa sinatura dixital do alcalde e do secretario accidental, que dá fe, que se someterá a aprobación na vindeira sesión ordinaria que se celebre do mesmo órgano a expensas do que resulte da correspondente aprobación.

Visto e praxe

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)